

## DISCURSO DA INVESTIDURA DE D. ENRIQUE FUENTES QUINTANA E D. LEÓN O. CHUA COMO DOUTORES *HONORIS CAUSA*

SANTIAGO LAGO PEÑAS  
Departamento de Economía Aplicada  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela

*Recibido:* 23 outubro 1997

*Aceptado:* 13 xaneiro 1998

A Universidade de Santiago de Compostela publicou recentemente os discursos pronunciados no acto de investidura de D. Enrique Fuentes Quintana como doutor *honoris causa* desta universidade<sup>1</sup>, celebrado o 26 de maio de 1996 no salón nobre do colexio Fonseca. A espera foi menos custosa gracias ó acerto da *Revista Galega de Economía* de incluír nas páxinas do seu volume 5 (1996) o texto íntegro da disertación do profesor Fuentes, motivo polo cal cremos que resultaría ocioso para o lector desta revista referirse polo miúdo ó seu contido.

A obra que agora se incorpora ó catálogo do Servicio de Publicacións da nosa universidade conta co atractivo dobre de ofrecer unha edición monográfica de calidade deste discurso<sup>2</sup> e de recolle-las intervención do rector, D. Darío Villanueva Prieto, e do padriño de D. Enrique Fuentes no acto de investidura, o profesor D. Luis Caramés Viéitez. Por fortuna, a lección do profesor Fuentes non é a primeira, nin será a última que imparta nesta universidade. Os fortes lazos académicos existentes entre doutorando e padriño permitiunos gozar da súa presenza como conferenciante asiduo no curso de posgrao que sobre administración financeira e tributaria dirixe o profesor Caramés dende hai anos. Vínculos que, como moitos saberán, teñen os seus antecedentes nas sesións de traballo que aquel viviu no seu día na facultade de dereito, invitado polo profesor D. Carlos Otero Díaz.

En definitiva, atopámonos ante un libro que seguramente vai ocupar un sitio nos andeis máis apreciados dos economistas galegos e, en particular, daqueles relacionados coa facultade de ciencias económicas da Universidade de Santiago de Compostela.

---

<sup>1</sup> *Discursos da investidura de D. Enrique Fuentes Quintana e D. León O. Chua como doutores "honoris causa"*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico. 1997. [134 páxinas].

<sup>2</sup> Edición na que se inclúen tamén os discursos correspondentes ó doutoramento *honoris causa*, concedido no mesmo acto a D. León O. Chua, físico especializado na teoría do caos.